

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2009

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas e cincuenta minutos do día vinte e sete de outubro de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, alcalde.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Dona Laura Fernández Martínez, do BNG, por imposibilidade de asistencia de don Antón Otero Domínguez.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor e don José Venancio Salcines Cristal, titular e suplente, respectivamente, do PSdeG-PSOE

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Non asisten, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez e don Santiago Manuel Ríos Rama, titular e suplente, respectivamente, do PP.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona M^a Jesús González Roel, do PP, por imposibilidade de asistencia de dona Goretti Pérez Eléxpuru.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR,

FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de xullo e sesión extraordinaria do día 22 de agosto de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de xullo e sesión extraordinaria do día 22 de agosto de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos catro concelleiros pertencentes a ela, aprobou os citados borradores.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO

AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as dezanove horas e cincuenta e sete minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Antonio Varela Saavedra

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia